BIBLIOTECA ESCOLAR
GUÍA DE LECTURA

Novidades
2º trimestre
2011-2012

INGLÉS

MATEMÁTICAS

Números pares, impares e idiotas. Juan José Millás. (2009) SM. Un libro que conta coas ilustracións de Antonio Fraguas << Forges>> e que nos introduce no mundo dos números que é tan complicado, incomprensible e cheo de prexuízos como o dos humanos. Os números viven nunha escuridade terrible respecto de si mesmos, e foxen dos matemáticos como da peste, por medo a ser sumados, restados, multiplicados. E ademais quéixanse de ter sempre números máis altos e máis fortes por riba.



El discurso del rey (*The King's Speech*). Tom Hooper. (2010). Todos os públicos.

Foi candidata a catorce premios BAFTA, dos que gañou sete, incluíndo mellor película; conseguiu doce candidaturas aos Oscar, dos que gañou catro, entre eles Mellor Película, Mellor Director e Mellor Actor.

LIBROS PARA TODOS/AS

Xosé A. Neira Cruz , Gatos y leones. Ed. Oxford. Recomendado para + de 12 anos.
Polas vellas rúas e polas tranquilas canles de Venecia, móvense uns curiosos seres envolvidos en aires de misterio. Adoptan a forma de gatos, pero hai quen di que en realidade son leóns. Todos teñen un segredo que contar, unha historia que pode chegar, enviada polo mar, a calquera das nosas praias dentro dunha botella de cristal.

Mundo Arb, Manuel Lourenzo González. SM, (2011) Máis de 10 anos. Premio O Barco de Vapor 2011. Existe unha comunidade de seres humanos onde os campos que cultivan, os montes onde cazan, os ríos polos que navegan e as cidades nas que habitan están situados en grosas pólas suspendidas no aire. Os arborenses están convencidos de que non existe ningún outro mundo máis ca o seu. Un día, uns rapaces emprenderán unha viaxe que durará un ano e que os levará moi lonxe da súa terra.



IES LamadasQuendas

R.\ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/ieslamaquendas

Rocio Rueda. <u>El brazalete mágico</u>, Ed. Oxford.
Lara pasa as vacacións en Atenas para visitar o seu pai, que se encontra na cidade grega traballando nunha escavación. Facendo turismo, Lara entra nunha tenda de antigüidades na que un misterioso ancián lle regala un brazalete. Ese brazalete conectará a Lara cun dos segredos mellor gardados da humanidade, o da poderosa espada coa que loitou Alejandro Magno e con Elisa, unha das sacerdotisas de Atenea na antiga Grecia.

Miguel Mª Astrain,<u>La reina de los piratas.</u> Ed. Oxford. Recomendado para máis de 12 anos.
Isabel, orfa de nai e afeita a navegar xunto ao seu pai, foxe da abordaxe do cruel Brazo de Ferro e capitanea unha nave de auténticos filibusteiros. Coa súa intelixencia e a súa coraxe tratará de rescatar o seu pai, prisioneiro do máis sanguinario pirata do Caribe. Pero, na súa aventura, Isabel non está soa; conta con tres aliados incondicionais, que, ademais, están perdidamente namorados dela.

<u>O carteiro de Bagdad,</u> Marcos S. Calveiro. (2007) Ed. Tambre. Máis de 10 anos.
Novela gañadora do XVIII Premio Ala Delta de Literatura Infantil.
Estamos en Bagdad, a cidade atravesada polo Tigris, a que aparece nos contos de *As mil e unha noites*, a que hoxe resiste baixo as bombas, entre o fogo cruzado. A xente vive vixiando o ceo, as escolas pecharon e os nenos xa non xogan nas rúas. Alleo a todo, Ibrahim reparte o correo na súa motocicleta.



Shaun Tan, <u>Emigrantes</u>.

Esta novela gráfica sen palabras é a historia de calquera emigrante, refuxiado, desprazado, é unha homenaxe a todos os que realizaron a viaxe.

Arturo Pérez-Reverte, <u>El puente de los Asesinos,</u> Alfaguara 2011. Sétima entrega das aventuras do capitán Alatriste ao que lle ordenan intervir nunha conxura crucial para a coroa española: un golpe de man en Venecia para asasinar o dogo durante a misa de Nadal, e impoñer pola forza un goberno favorable á corte do rei católico nese estado de Italia.





<u>El prisionero del cielo</u>, Carlos Ruiz Zafón. 2011 Planeta.

Barcelona, 1957. Daniel Sempere e o seu amigo Fermín, os heroes de La Sombra del Viento, regresan de novo á aventura para afrontar o maior desafío das súas vidas. Xusto cando todo empezaba a sorrirlles, un inquietante personaxe visita a libraría de Sempere e ameaza con desvelar un terrible segredo que leva enterrado dúas décadas na escura memoria da cidade. Ao coñecer a verdade, Daniel comprenderá que o seu destino o arrastra inexorablemente a enfrontarse coa maior das sombras: a que está a medrar no seu interior. Ateigado de intriga e emoción, El Prisionero del Cielo é unha novela maxistral onde os fíos de <u>La Sombra del Viento</u> e <u>El Juego del Ángel</u> converxen a través do meigallo da literatura e condúcenos cara o enigma que se oculta no corazón do Cemiterio dos Libros Esquecidos.